

## Á MESA DO PARLAMENTO GALEGO

**Yolanda Díaz Pérez**, deputada do **Grupo Parlamentar de Alternativa Galega de Esquerda**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **interpelación**, relativa aos atrasos no FOGASA.

Os datos dos atrasos que acumula o FOGASA en Galicia son moi significativos acerca do desinterese do goberno do PP para atender as situacións de urxencia na que se atopan milleiros de traballadoras e traballadores no noso país, que xa perderon o seu posto de traballo e seguen sen cobrar as súas indemnizacións.

Non valen as sucesivas afirmacións do PP acerca de programas extraordinarios para superar un atraso que se configura como crónico. As insuficiencias do plan Greta as expresan as cifras oficiais de asuntos sen resolver na provincia de Pontevedra.

Os datos do goberno a 30 de novembro do 2014 sitúan á provincia de Pontevedra como a terceira do Estado cun volume maior de casos sen resolver, cun total de 3.588 asuntos pendentes; vale dicir salarios e indemnizacións que traballadoras e traballadores despedidos non poden percibir porque o goberno non fai ben as cousas.

As centrais sindicais de clase denuncian a situación de retraso xeralizado na resolución das súas reclamacións en Pontevedra, onde a espera chega aos 16 meses. Retrasos que se multiplican coas dificultades para facer fronte os pagos polos insuficientes recursos consignados polo goberno central.

O grupo parlamentar da AGE formula a seguinte pregunta interpelación:

- Que xestións vai desenvolver o goberno galego diante do goberno central para que se implemente un novo programa de afortalamiento do FOGASA, que permita superar o enorme retraso que acumulan os expedientes na provincia de Pontevedra.

En Compostela, a 4 de marzo do 2015.

Asdo. Yolanda Díaz Pérez

**Asinado dixitalmente por:**

**Yolanda Díaz Pérez na data 04/03/2015 15:40:50**